

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

AÑO IV, N.º 184

INFORME

## La necesidad de los libros de imágenes

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

Ya tocaba Juan Cervera en su libro "La literatura infantil en la Enseñanza Básica" (Cincel-Kapelusz) el tema del papel asignado a la literatura infantil dentro de los célebres Programas renovados. Hablaba él del pobre protagonismo otorgado y el enfoque minimizante de su verdadero valor en el proceso de aprendizaje del niño. Se podía deducir, sin demasiado problema, de la lectura de dichos programas, que la literatura infantil en Preescolar desempeñaba una función más instrumental u ocasional que sustantiva o enriquecedora. Se podría recurrir a ella para mantener la atención del niño, ignorando la capacidad de enriquecer el pensamiento infantil, ampliar su visión del mundo, fomentar la creatividad o estimular sus expresiones oral y escrita. Esto, repito, lo resaltaba Juan Cervera con una visión aguda y crítica del tema.

Y, aunque los hechos demuestran cierta realización del espíritu escondido en esas líneas, también es verdad que otras personas, afortunadamente, han llegado más lejos y se han dado cuenta de la necesidad del libro en las aulas y en las casas de los crios, ya desde sus primerísimas edades.

Manifestaba Nuria Ventura a "La Gaceta del Libro" en cierta ocasión, que "es importante que los niños en su entorno más cercano tengan libros, o posibilidad de contacto con ellos. La familia es el principio al iniciarlos en la narrativa con los cuentos orales. Más tarde las escuelas no deben limitarse solo a enseñar a leer sino a potenciar y a proporcionar libros". Pienso que no debería haber ninguna duda en esta exposición de la conocida biblioteca y crítica catalana.


Es muy importante, que el niño se acerque al libro ANTES DE SABER LEER. Habrá de darse cuenta de la facilidad de dicho libro para convertirse en un sencillo juguete. Un juguete como tantos otros, con el que podrá hacer construcciones, montoncitos, conducir coches y hasta ruidos. Dede muy pequeño lo deberá tocar, oler, abrir, cerrar y hasta morder ¿por qué no? No será una mala idea procurar que se aficione a estar con él, que forme parte de su entorno personal. Podremos estar seguros de que el primer paso de futuro lector estará dado.

¿Y cómo son estos libros para los crios que no saben leer?

Realmente no hay modelos únicos ni reglas fijas, pero si algunas características casi comunes. Por ejemplo, habrán de llamar la atención haciéndoseles agradables a los niños. Tendrán un predominio casi absoluto de la imagen y las ilustraciones serán creativas, muy cuidadas y de una gran expresividad.

Nos encontramos con formatos grandes y pequeños (en función de determinadas edades) así como con hojas de papel o de cartón, estas últimas pensando en los lectores más pequeños, lógicamente menos cuidadosos en la placentera actividad de pasar las hojas.

Los libros de imágenes transmiten, sin ningún género de dudas, ideas, conceptos, sentimientos, etc., demostrando que no solamente es el texto el único transmisor posible. Es más, aquéllos, en los cuales nos encontramos un pequeño texto al pie de la ilustración, siguen concentrando todo su valor en la fuerza expresiva de las ilustraciones, quedando esas líneas escritas, como mero apoyo de aquéllas. Podríamos hablar de la satisfacción



Es muy importante que el niño se acerque al libro antes de saber leer.

ARCHIVO

que experimenta un crio, cuando encuentra objetos, situaciones o animales conocidos por él, en las páginas de un libro. "¡Mira, mamá, una vaca!" o "¡Anda, un tractor!" son expresiones de ilusionada alegría, reflejadas en el reconocimiento de partes de su medio particular, impresos en papel. Porque el niño se relaciona con su entorno. Llega a conocer cosas concretas y, por supuesto, termina leyendo la imagen. Al final, cada objeto será llamado por su propio nombre.

Con los libros de imágenes—y me viene a la cabeza el concepto de calidad en ellos— el niño vivirá su aprendizaje "casa-escuela" como una experiencia agradable, porque será consciente—entre otras cosas— del carácter lúdico que estos libros poseen.

Así, en colaboración con el adulto, podrá descubrir la posibilidad de aombro, de ritmo vivo, de diversión, de sorpresa que tienen las ilustraciones y las palabras contenidas en las páginas de un volumen cualquiera. Divertirse, ser más feliz, son puntos necesarios para demostrar que el aprendizaje de la lectura no tiene por qué ser tan arduo y aburrido, como viene siendo a través del tiempo.

El adulto ha de ser consciente de todo ello. Tendrá que estar al lado de los pequeños, ser su cómplice en la preciosa tarea de hacerlos lectores y, por consiguiente, hacerlos felices. Evitará el desprecio, que se advierte subliminalmente, al decir frases como "Déjate de cuentos y coge..." o "No me pidas que te lea cuentos. Que te los lea...". Habrá de darse cuenta, que una adecuación lo más perfecta posible de las diversas adquisiciones (vocabulario, observaciones, acumulación de intereses...) con la capacidad de hacerlas suyas y expresarlas, va a hacer del aprendizaje escolar algo mucho más rico.

Cuando estoy escribiendo estas líneas, encuentro en la librería el libro de Lolo Rico "Castillos de arena" (ensayo sobre literatura infantil) editado por Alhambra, en el que ataca muchos de las afirmaciones vertidas hasta ahora en este campo y vuelve a la carga con eso de "la mal llamada literatura infantil". En él se dice, que la utilización del libro como objeto, no garantiza una mayor afición a la lectura y afirma sus dudas de que la familiaridad con los libros sea beneficiosa. Más adelante lanza ataques furibundos a los editores diciendo que el libro en manos de los preescolares pierde su misterio convirtiéndose en lo que realmente es: un

objeto de consumo creado por ellos. Duras son las frases como ésta (pág. 31): "Los libros para preescolares son, desde su concepción, una gran mentira; una mentira inútil, además, salvo para quienes se benefician con ella".

Defiende al niño, criticando a los escritores que le hablan con simpleza, evitando la posibilidad de que, al explicarles casi todo, puedan descubrir las cosas por sí mismos.

Interesantes y mordaces opiniones de una persona, autora de varios libros para niños y que viene trabajando en el campo literario infantil desde hace mucho tiempo.

Como podemos observar son valoraciones contrapuestas con lo que se dijo a lo largo de la mayor parte de este trabajo, pero considero oportuno incluirlas, porque, sin duda, ofrecen un enfoque polémico y distinto al de otras actitudes seguidas por muchos especialistas. Toda confrontación de puntos de vista ha de ser siempre valiosa y suele aportar datos enriquecedores al profundizar en ella.

Y ahora, como remate, trataré de facilitar algunas colecciones interesantes, cara a un mayor conocimiento de las posibilidades editoriales existentes para los niños en edad preescolar.

### LIBROS DE INICIACION A LA OBSERVACION, MATEMATICAS, COMPORIAMIENTOS, EDUCACION SENSORIAL, CONCEPTOS ESPACIALES, TEMPORALES, ENTORNO...

- Col. "Miremos" (Ed. La Galera)
- Col. "¿Qué hay en...?" (Ed. La Galera)
- Col. "Contrastes" (Ed. Molino)
- Col. "Baby-libros" (Ed. Montena)
- Col. "La jirafa sabia" (Ed. S.M.)
- Col. "Tina Ton" (Ed. Juventud)
- Col. "Mis primeros libros de imágenes"
- Col. "¡Hablemos!" (Ed. La Galera)
- Col. "Los libros del chiquitín" (Ed. Juventud)
- Col. "Libros para hablar" (Altea)
- Los juguetes de Osito (M. Cartledge)
- Oigo con mis oídos (H. Oxenbury)
- Col. Ali Mitgutsch (Ed. Miñón)
- Col. Alex (Ed. Destino)
- Col. "Paseando por la ciudad", "Vamos al pueblo" (A. Mitgutsch), Ed. Juventud

### LIBROS PARA CONTAR

Son unos libros cuyo texto completo viene al final y que servirá para que el adulto cuente al niño la historia sobre las imágenes.

- Col. Graó. "Patim Patam Patum" (Ed. Teide)
- Col. "El Caracol" (cuentos populares) (La Galera)
- Col. "El jardín de papel" (Ed. S.M.)

### LIBROS CON UN PEQUEÑO TEXTO

- Col. "Benjamín Cebra" (Ed. Altea)
- Vamos a observar
- Primeros cuentos
- Osito Pardo
- Mirar y pronunciar
- Vamos a jugar
- Primeras matemáticas, etc.
- Col. "El hombre y la naturaleza" V. Denou (Ed. Hymasa)
- Col. "Plum" (leer y pintar) Ed. S.M.
- Col. "Ibai" (Ed. Timun Más)
- Col. "Césary Ernestina" (Ed. Timun Más y Altea)
- Col. "El Zoo fantástico" (Ed. Altea)
- Col. "La imagen y la palabra" Ed. S.M.
- Col. "Primera biblioteca de los niños" (Ed. Parramón)
- Col. Libros para jugar (Ed. Altea)
- "¡No tengo sueño!" (C. y T. Hawkins)
- "¿Dónde está mi mamá?" (C. y T. Hawkins)

### LIBROS CON HISTORIAS RIMADAS

- "Simón el Simple"
- "Mamá Oca"
- "Doña Filomena"
- "La casa de Luis"
- (Col. Benjamín Cebra).

OPINION

## Un precursor

XOSE PARAÑOS PARDO

Leo que Basilio Salguero, profesor de EXB na vila gaditana de Alcalá del Valle, dictou durante varios días as clases dende o tellado da escola, manifestando deste xeito, a súa protesta polos sucesivos traslados a que, o home, se veu obrigado nos últimos anos.

Eu vexo a Basilio Salguero como un precursor. Pero non dunha nova forma de loita. Que tamén, senón de algo máis importante.

A Consellería de Educación, que o ignora todo acerca dos límites da elasticidade da materia-materia convidounos a un comezo de curso memorable. A súa falla de previsión das necesidades escolares, unida ó abandono con que habitualmente se trata este problema, xeneraron unha situación nos centros, sobre todo nos de ensino medio, que só pode ser calificada de increíble.

Miles de pais, aguantaron tres meses de incertidume, coa esperanza de que o seu fillo conseguise, por fin, exercer un dereito constitucional: poder estudar; acadar unha praza nun centro público. O problema estaba en que unha ocupación normal dos centros (normal é aquí adxetivación xenerosa), supuña un déficit de tres mil prazas no ensino medio. E claro, a consecuencia era que había tres mil solicitantes que se tiñan que quedar de portas para fóra. Pero Deus, que non é parco á hora de distribuír boas cualidades, ó tempo que se abandonou cecais un pouquiño en aquilo de facer previsoaras ás nosas autoridades, colmounas, eso si, dunha virtude escasa, a sagacidade: comprido convenientemente ós alumnos, poderíase, na mesma proporción, aumentar o número deles para unha aula dada. Doado.

A min, que tal solución lévame dado moito que matinar, acórreseme que pode ser aínda mellorada: ocupemos tamén o sitio do profesor.

-Pero ¿e o profesor onde...?

-Pois no tellado. Ai temos a Basilio Salguero, profesor de espadaña. Un precursor.

Dende o tellado o profesor impartiría moito mellor; e patios e aledaños poderíanse así ocupar co estibado dos alumnos. A solución pódese arbitrar para este mesmo curso. Chega cunha circular "Profesores ós tellados" a remitir urxentemente ós centros con problemas.

E é que mentres on chegue a ciruclar, a verdade, o asunto non é de recibo: temos aulas con 40 alumnos e máis; dobres turnos en moitos centros; seminarios convertidos en aulas e desdobres improvisados; laboratorios desbordados na súa capacidade, e, en consecuenca, deterioro das ensinanzas, deterioro precoz das instalacións, deterioro da organización dos centros e, en suma, deterioro do sistema educativo. ¡Han de nos sair ben caras as condenadas improvisacións!

O argumento, mais dunha vez, expresado pola Consellería, no sentido de que un futuro de recesión demográfica aconsellaría prudencia nos investimentos, está claro que non se sostén. Prudencia cómpre sempre, sobre todo cando a tónica é, como se ve, ir tan lanzado. Pero, home, as cifras están aí. Temos un déficit de tres mil prazas en Galicia. Ademais eu quero supoñer que nun futuro inmediato se atenderá á mellora da taxa de escolari-



BOFILL

O tellado pode ser un bo lugar para impartir clases.

zación; e á ampliación do ciclo obrigatorio que ademais xa se contempla no proxecto de reforma dos ensinos medios. Isto supón a necesidade de crear novos centros. Vaiámoslos construíndo.

O sindicato de CC.OO. fixo no seu día consideracións semellantes ás expostas, ás autoridades educativas. Os problemas suscitados neste comezo de curso amosan que non foron, en absoluto, atendidas. A nosa obriga consecuente é denuncia-lo desastre, o que fixemos agora e xa fixemos noutras declaracións públicas; a pesar do pouco que nos gusta que o ensino público teña que ser nova permanente polas súas eivas. Pero tamén estamos decididos a evitar que o próximo curso plantexe un fiasco semellante, o que supón non deixar pasa-lo tempo sen propoñer solucións. Con ese obxectivo o noso sindicato desenvolverá unha campaña pola millora da escolarización da que os seus eixos máis importantes serán: elaboración dun protocolo de relacións sindicais a suscribir por sindicatos e Administración que faga posible a intervención efectiva das organizacións sindicais no artellamento escolar; sensibilización das APAS encol do problema; xornadas de formación para compoñentes de Consellos Escolares; sensibilización do Parlamento Galego, eisixencia ás autoridades de que completen e publiquen o Mapa Escolar de Galicia e, sobre todo, que se enfrenen xa ó desenvolvemento normativo da LODE no que atinxe á creación dos Consellos Escolares de Galicia e Provincias, órganos políticos de participación cidadán ós que correspondería o control de tanta negligencia.

## O plan de escolas asociadas da UNESCO na educación

A.C.R.

### Orixe e desenvolvemento da experiencia

Atendendo á cooperación e á paz internacionais como obxectivos de particular importancia da UNESCO, no 1953 naceu o Plan de Escolas Asociadas de cara a promocionar tais obxectivos no seo da educación escomenzando a experiencia naquel ano un total de 33 escolas de 15 países membros. A cifra ten acadado actualmente a un total de 1.300 centros de 74 países, existindo institucións afiliadas en todo o mundo, por riba das máis diversas tradicións culturais e máis aló dos distintos graus de desenvolvemento e sistemas económicos e sociais.

Un importante momento para o impulso da experiencia e programa que comentamos veu dado en 1974, ano no que a 18 reunión da Conferencia Xeral da UNESCO aprobou unha Recomendación sobre a educación para a comprensión, a cooperación e a paz internacionais e a educación relativa aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais, instando aos Estados membros a aproveitar a experiencia das escolas asociadas para intensificar a renovar os seus esforzos para traballar pola educación para a comprensión internacional e á aplicación xeral dos seus resultados.

### ¿Qué clase de institucións son as Escolas Asociadas da UNESCO?

Son sinxelamente centros de ensino primario e secundario dos Estaos Membros da UNESCO, que comparten a convicción de que ensinar para o mundo do mañán implica necesariamente inculcar os principios básicos da comprensión e a cooperación internacional para a paz, pois que o seu rechazo ou non observancia podería privar ao mundo dese mañán e xa que logo asumen a responsabilidade de impartir tal ensino tanto polos seus propios medios como en colaboración cos outros centros participantes na experiencia.

Sendo así non se trata de centros con categoría especial; o Plan de Escola Asociadas foi concebido para integrarse nas estruturas existentes, do mesmo modo que a educación para a comprensión internacional está destinada a incorporarse aos plans de estudos e non ser una materia auxiliar, destinada a encher un tempo morto dentro do horario escolar.

### O funcionamento da rede escolar

As Comisións Nacionais da UNESCO son os instrumentos que en cada plano nacional asumen polo xeral a responsabilidade de seleccionar as escolas e institucións participantes e de transmitir as solicitudes de admisión á Secretaría da UNESCO. En colaboración cos Ministerios de Educación supervisan o funcionamento do plan e coordinan as actividades das diferentes escolas asociadas e mesmo organizan seminarios, reunións e cursiños de información, contribuíndo á máxima difusión da experiencia, preparación e produción de novos materiais de ensino e á avaliación dos resultados e do proceso. No plano internacional, a Sección da Educación para a Cooperación Internacional e a Paz serve

de nexos entre as escolas participantes dos diferentes países, encargándose da coordinación da totalidade do programa. Neste senso a UNESCO publica semestralmente o Boletín "La comprensión internacional en la escuela", con información práctica sobre a execución do Plan en todo mundo e presentación de experiencias educativas.

### Os temas de estudo nas Escolas Asociadas

Déixase ás escolas que conciben e executan as súas propias actividades, anque agárdase delas que se concentren en catro grandes temas: os problemas mundiais e a función do sistema das Nacións Unidas para resolve-los; os dereitos humanos; outros países e culturas; o home e o seu medio.

A respecto da temática "outros países e culturas", o Plan de Escolas Asociadas encetou unha serie de experiencias polas que os profesores e nalguns casos tamén os alumnos elixen outro país como tema de estudo, investigan na clase os seus problemas sociais e de desenvolvemento e logo viaxan a ese país para ollar cos seus propios ollos como se están a solucionar os problemas. Aquí é moi importante a actitude dos profesores porque un profesor libre de prexucios en canto á raza, cor, relixión, cultura, idioma, riqueza ou clase social, ou que está disposto a aceptar que existan discrepancias e a falar delas obxetivamente; pode despertar nos seus alumnos sentimentos positivos de tolerancia, simpatía e comprensión ao estudar as costumes e a vida doutros povos, e facerlles descubrir a unidade esencial de tódolos homes que supera as diferencias e que é a base da cooperación e da paz internacionais.

A respecto do home e o seu medio, o intercambio de correspondencia e materiais entre as escolas asociadas pode permitir una comparación entre os métodos de adaptación ás condicións sociais, económicas e naturais diferentes, así como unha reflexión sobre a natureza dun asentamento humano ideal.

### Métodos e técnicas

E esencial que os temas de estudo señan escollidos de común acordo entre alumnos e profesores e que as actividades espeiciais se conciban colectivamente, coa participación de todos os interesados, incluídos os pais e os membros da comunidade local se se trata de proxectos extraescolares.

A experiencia xa adquirida amosa claramente que a comprensión internacional componse de elementos intelectuais, sociais e afectivos, e que os métodos pedagóxicos que ofrecen máis posibilidades de lograr un equilibrio axeitado deses elementos son os que brindan aos estudantes plenas oportunidades de iniciativa, responsabilidade e acción. Unha característica importante do programa é a interdisciplinidade, sendo os cursos de xeografía, historia e ciencias sociais as que máis se prestan a este ensino. Por outra parte, a educación para a comprensión internacional está intimamente relacionada coa formación de actitudes.

MAXISTERICO



PEPE CARREIRO

## LIBROS

## Estudia-lo medio-ambiente

RAFAEL OJEA

DEL CARMEN, Luis. Investigando en el bosque. Teide, colec. Vivac. Barcelona, 1981. 65 pp.  
 PUJOL I FORN, Jordi. La vida en el bosque. Teide, colec. Vivac. Barcelona, 1981. 71 pp.  
 CAPEL, Horacio e MONTAÑOLA, Josep. Actividades didácticas para los 8-12 años de edad. Oikos-Tau. Colec. Didáctica del medio ambiente. Barcelona, 1981. 218 pp.

Quixemos agrupar estes tres libros nun soio comentario, pois en todos eles subxaz un obxectivo común: o achegamento ó coñecemento da realidade a través da investigación do entorno. No caso dos dous primeiros, o entorno natural; no do último, o entorno urbán. Outra característica común ós tres é a súa utilización e prantexamento: máis que reflexións teóricas sobre a didáctica medio-ambiental o que pretenden é ser instrumentos de traballo práctico que permita ós alumnos un achegamento ós medios propostos de xeito moi activo e motivador: o que se propón é basicamente a realización de múltiples actividades pra, mediante elas, poder remontarse a unha conceptualización implícita da realidade. O contrario de moitos libros, as actividades non son o final dunha "lección" pra exercitarse no lido; son a base mesma da aprendizaxe. Outra característica común ós libros que comentamos é a súa pertencencia a coleccións: así a colección **Vivac** inclúe varios títulos máis: "La vida en las aguas dulces" e "La vida en el suelo", "Los animales de la ciudad"... e a colección **Didáctica del medio ambiente**, inclúe tanto un volume teórico sobre fundamentos e posibilidades da didáctica medioambiental como tres series "Historia da Arquitectura e do Urbanismo" "Ciencias sociais e Medio Ambiente" e "Didáctica da Infancia á Adolescencia", todas elas dirixidas ó obxectivo citado de introducir a investigación do meio nas nosas escolas.

"Investigando en el bosque" e "La vida en el bosque" están escritos pensando no lector-alumno iniciándose no naturalismo, na investigación da natureza e son complementarios. O primeiro deles ten un carácter máis introdutorio e describe as formas de achegarse ó bosque: métodos técnicos e recomendacións prás saídas ó campo e principais temas ou variables a estudar. O segundo, céntrase na observación da dinámica vital e interrelacións que se dan no ecosistema, os seus poboadores animais e vexetais. Todo elo unido a rigorosidade coa sinxeleza na exposición e unha gran amenidade que permite que sexa á vez introdución, motivación ó estudo e profundización.

Salientable, ademais do xa dito: estaren escritos pra seren utilizados polos propios alumnos (e non necesariamente

como actividades escolares, senón tamén como actividades de tempo libre!), é a súa intención didáctica claramente posicionada por primar o espírito investigador fronte á exhaustiva información escrita. De nada servirían os libros se non se dá efectivamente a saída ó bosque. Propostas constantes de actividades, de métodos de recollida de mostras, fabricación de instrumentos, xeitos de observación e anotación e constantes preguntas e propostas de problemas.

Como un guía experto de itinerario o libro serve fundamentalmente pra provocar a observación e o estudo, non pra informar de todo o que o bosque contén (a información é moi sistemática pero aberta). Isto é importante sobre todo cando se escomenza a introducir nas escolas como algo común as saídas ó campo, as visitas e itinerarios. Moitas veces hai a tentación de facer de **guías-cicerone** dos alumnos, esquecendo que **a función primordial do guía é a de servir de animador na organización, preparación e observación da saída e non un mero reprodutor -esta vez no campo- do verbalismo das clases na aula**. A gran riqueza do texto vese acompañada dunha gran calidade nos dibuxos que permiten unha millor identificación dos aspectos observados e son ademais un motivador deleite pra vista. En mans do profesor de naturais de EXB, e mesmo en BUP e FP, poden ser un excelente instrumento pra animarse a coller os bártulos e plantexar auténticos traballos de campo prós alumnos, que non quedarán de seguro nas propostas explícitas dos libros, pois estes permiten que novos obxectivos, temas e investigacións se plantexen pra continuarmos co estudo da natureza.

Respecto do terceiro dos libros aquí comentados, foi inicialmente publicado en texto mimeografiado co título "Aprender de la ciudad. Fichas para un proyecto de didáctica del medio ambiente" e que os seus autores están encadrados na chamada "xeografía da percepción" que inclúe como derivación importantes dos seus prantexamentos a preocupación didáctica e que de forma esquemática podemos resumir cos seguintes rasgos (extraídos do n.º 38 da revista **Geocrítica** "Estudio del medio y heimatkunde en la geografía escolar" pax. 41):

— valoración explícita de que a aprendizaxe de noções espaciais é de gran importancia pró desenrolo da intelixencia infantil;

— intento explícito de axeitar a progresión de conceptos e contidos ás diferentes etapas do desenrolo mental do neno;

— gran insistencia na experimentación sensorial do neno;

— o obxectivo da didáctica medio-ambiental é que o neno poda coñecer, valorar e transformar o medio;

— aprendizaxe baseado na utilización de instrumentos de coñecemento como o dibuxo e a xeometría, os métodos de observación etc.;

— o seu carácter interdisciplinario.

Tal preocupación didáctica queda patente no libro, que sen incidir na teoría da didáctica medio-ambiental sostida polos autores (que se atopa desenrolada noutro libro da mesma colección) o que nos ofrece é unha serie estruturada de fichas pró profesor e pró alumno que nos introduce en actividades e temas tradicionalmente lonxe das escolas como é a aprendizaxe da percepción e de noções espaciais mediante a práctica de exercicios progresivos. Divídese o libro en tres conxuntos de fichas acordes coas tres fases xa ditas: coñecer, valorar e transformar o medio: fichas **síntomas** "recoñecer síntomas é aprender a leer e escribir o medio ambiente" sempre prantexado que o xeito de aprender é actuando sobre o medio; fichas **diagnósticas** "trátase de desenrolar primariamente o sentido de **valoración**, ou o sentido de dar máis valor a unhas cousas que a outras; fichas de **prescripción**: "trátase dun plantexar e elixir transformacións do espazo" pois as partes anteriores quedarían mancadadas sen se da unha posibilidade real ó neno de elixir formas alternativas de deseño do espazo. Nesas formas, danse de feito a avaliación do grado de asimilación dos conceptos espaciais propostos nas fichas anteriores.

As fichas, como xa dixemos, divídense pra cada actividade en fichas do alumno e fichas do profesor. Nas do alumno propónse sempre unhas actividades que son comentadas nos seus obxectivos, enfoque e problemática nas do profesor. Nas que ademais se inclúe unha bibliografía de ampliación de cada tema implícito nas mesmas.

Unha posibilidade pois de desenrolar actividades inéditas na escola sobre a percepción do meio urbano (que, como indican os autores, pode ser extensiva ó meio rural con pequenas adaptacións) xen especial incidencia na aprendizaxe da capacidade perceptiva (atención, discriminación, identificación, etc.) E un obxectivo implícito que non por descoñecido deixa de ter máxima importancia: dotar ós nenos da capacidade de "ver" a cidade pra así "facer cidade" e non seren autómatas pasivos entre edificios e medianeras que por non facer, nin tan sequera son percibidas como aunguriantes: a alienación chega a iso.

## Crónica do Zahir

## Televisión e educación

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

No é doado facer un bo programa de televisión sobre a educación. O medio está tan feito e afeito á banalidade, á superficialidade, ao espectáculo, que sempre ameaza con se botar a renxer cando se lle pide que sirva como vehículo de temas "serios". A alternativa obrigada parece estar entre a banalidade ou o "ladrillo": ou a procura do espectáculo acaba por mata-la información, ou o exceso de información matará ao espectáculo, tal semella se-lo dilema.

E sen embargo a misión non é imposible. Hai exemplos de moi bos programas educativos (e/ou sobre a educación, que nonten por que se-la mesma cousa) en diversas televisións europeas. Preto de nós, "Aula visual", producida polo canal autonómico catalán, é un aceptable exemplo non só de televisión educativa, senón das moi positivas relacións, mutuamente arrequedoras, que se poden establecer entre a televisión e a ensinanza.

"El plumier", un novo programa de TVE -mércores, 8.30 do serán-, recollía un debate sobre este tema acompañado de imaxes de algunhas emisións doutras televisións (entre elas, do citado "Aula visual"), durante a súa segunda aparición na pequena pantalla. Desgraciadamente, o programa-presentación do "Plumier" (mércores 8 de outubro) non resultara moi defendible: a pobreza das imaxes, a falta de ritmo, foi agudizada por un tono fatalmente oficialista. Non foi só o discurso, retórico e valeiro de contidos, do ministro do sector. Ademais, o tema do programa -as Escolas de Verán- foi ilustrado con reportaxes de tres destas Escolas. Nada que reprochar á elección da "Escuela d'Estiu" de Barcelona e a "Escuela de Verano" de Acción Educativa, en Madrid, pioneiras indiscutibles; pero a elección da "Escuela Viva" por Galicia só pode ter unha explicación: que a promotora é a FETE-UGT. Un detalle significativo: mentres na escola barcelonesa se escoitaba, naturalmente, fala-lo catalán, o galego estivo de todo ausente na parte da reportaxe correspondente á "Escuela Viva". Aínda outro detalle: as persoas entrevistadas polos organizadores de Barcelona e Madrid eran recoñecidas militantes do P.S.O.E.

Na televisión galega, un tímido programa, "Aula 2.001", languidece nunha ostensible falla de recursos que o voluntarismo dos responsables de ningún modo poden atenuar. E así, entre o oficialismo e a carencia de medios, a educación segue sen ter un espazo digno nas nosas pantallas. Pero, a pesar de todo, a xuventude dos programas comentados esixenos un apoio, aínda que sexa crítico. Agardemos que, cando as presións institucionais deixin de condiciona-lo traballo do equipo realizados, e este sexa dotado dos medios axeitados, tanto "El plumier" como "Aula 2.001" se acheguen a ese modélico programa sobre a educación que, hoxe por hoxe, aínda estamos a agardar.

## ANAQUEL



● Luca Novelli. O fantástico mundo do logo. Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1986.

Nova entrega destes sinxelos manuais de introducción a informática, escritos con gran sinxeleza e craridade, e ilustrados abundantemente e con humor, polo italiano Luca Novelli.


● Laurence Ottenheimer. Los tuareg. Serie Benjamín Información. Ed. Altea, Madrid, 1986.

A serie "Benjamín Información" -versión española dunha colección concebida pola editorial francesa Gallimard-pretende ser unha pequena enciclopedia ilustrada de peto, especialmente redactada para rapaces a partir dos cinco anos. Polas súas ca-

racterísticas -as magníficas ilustracións a toda cor teñen un protagonismo comparable aos textos, breves, sinxelos pero rigorosos- poden mante-lo interés doadamente para nenos de moita máis idade, e aínda de adolescentes.

● Varios autores. Folerpas. Relatos seleccionados por Colectivo Vieiro. Via Láctea. Santiago 1986.

Proposta de textos seleccionados para a súa lectura en EXB. Entre os textos hainos de autores xa consagrados como Casares, Neira Vilas ou Ferrín, xunto a outros de firmas menos coñecidas. Os textos van acompañados dunha serie de preguntas que teñen por obxectivo axudar á determina-lo grau de comprensión por parte dos pequenos lectores.



## TABOIRO

### III Concurso Nacional de Educación Vial Escolar

A "Dirección General de Tráfico" en colaboración coa Dirección General de Educación Básica e as Consellerías de Cultura e Educación das Comunidades Autónomas convoca o "III CONCURSO NACIONAL DE EDUCACIÓN VIAL ESCOLAR" para o curso 1986-87.

Neste concurso poderán participar tódolos alumnos e profesores de tódolos centros escolares de España nos que se impartan as ensinanzas correspondentes aos Ciclos Medios e Superior.

O tema do concurso versará sobre os contidos da educación vial recollidos na Orde do MEC de 18 de Febreiro de 1980 e nos programas renovados vixentes.

O certame terá carácter colectivo, e consistirá na elaboración dunha publicación en forma de Xornal, revista gráfica, mural ou boletín elaborados por grupos de alumnos (cun mínimo de catro e un máximo de oito) e coa asistencia dun profesor.

Os traballos con independencia de que o xornal, mural... conteña temas libres, deberá estar composto obrigatoriamente dos seguintes bloques temáticos:

- unha enquisa, realizada a escolares e adultos, sobre problemas de seguridade vial e tráfico.
- unha reportaxe ou redacción sobre o entorno, en relación co tráfico do barrio ou pobo.
- un estudio comentario do itinerario casa-colexio, colexio-casa, no que se reflexe dende o punto de vista do ecolar os problemas, perigos e solucións, tendo preente ao escolino como peatón e viaxeiro do transporte escolar.
- un resumo de actividades didácticas en relación coa educación vial realizadas ao longo do curso.

Este curso terá tres fases: unha provincial na que se seleccionarán dous traballos (un de Ciclo Medio e outro de C. Superior), outra autonómica e unha derradeira nacional (un premio por ciclo). A presentación dos traballos haberá de realizarse antes do día 28 de FEBREIRO de 1987.

Paralelamente a este certame organízase o XXI CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL no que poderán participar tódolos escolares ata os 14 anos de idade. Os debuxos haberán de relacionarse coa circulación, o seu entorno, problemática xeral do tráfico...

Haberá catro categorías (1ª: ata os 5 anos; 2ª de 6 a 7 anos; 3ª de 8 a 10 anos; 4ª de 11 a 14 anos. A presentación dos traballos deberá realizarse ata a primeira quincena do mes de marzo de 1987, remitíndoos á Delegación Provincial da Dirección General de Tráfico de cada provincia.

### Modificados artigos do decreto que regulamente os comedores escolares

No D.O.G. de 14 de Outubro de 1986 publícase o Decreto 283/1986 de 25 de Xuño da Consellería da Presidencia, polo que se modifican determinados artigos do Decreto 16/1984, de 9 de febreiro, que regula o funcionamento dos comedores escolares.

Este Decreto acomoda ó anterior á normativa legal actual, despois da entrada en funcionamento dos Consellos Escolares. Dispónse que a organización dos comedores escolares correspóndelle ó Consello Escolar de Centro.

"A Comisión provincial de comedores escolares, según dispón o decreto, haberá de reunirse preceptivamente no mes de setembro, con fin de distribuí-las axudas ós distintos centros, en función do seu número de comensais; no de xaneiro para analiza-la marcha dos comedores e acomodar presupostos, no seu caso; e no de xuño para verifica-la xestión económica".

As funcións que desempeñará o Consello Escolar en relación ó comedor serán: fixar criterios para a formación do persoal colaborador, a proposta do director, designar e separa-lo encargado do comedor e persoal colaborador; seleccionar, nomear e separa-lo persoal laboral, ademais de aproba-los presupostos presentados pola Comisión Económica, que será a encargada de alegalos, así como



A Dirección Xeral de Tráfico ven de convocar o "III Concurso de Educación Vial Escolar".

da administración dos fondos, contemplando os achegos que fixen os pais.

Compételle ó Director do centro exercer-la xefatura do persoal encargado do servizo, ordena-los pagamentos, e en xeral, a supervisión do seu funcionamento.

O encargado do comedor será un membro da comunidade educativa, non tendo en ningún caso o carácter de persoal laboral, sendo proposto polo director e nomeado polo Consello Escolar. O mesmo sucedera co persoal colaborador. Tamén se contempla neste Decreto, que este servizo, previa autorización da Consellería de Educación, poderá ser contratado polo Consello Escolar con empresas hostelreiras.

Cada Consello Escolar con este servizo haberá de elaborar e someter á súa respectiva Delegación Provincial da Consellería de Educación a aprobación dun regulamento do funcionamento deste servizo, "no que se contemple a forma de colaboración, baseada sempre en razóns psicopedagógicas, dos alumnos de máis idade, nas tarefas propias do repetido servizo".

De conforme co establecido na Lei de Sanidade Escolar e no seu Regulamento "correspóndelle á Consellería de Sanidade exercer, a través dos Servizos de Sanidade Escolar, a inspección e control sanitario dos comedores, as súas instalacións planificación nutricional, vixilancia e hixiene de alimentos e abastecimento de augas".

### Apareceu o número 3 da Revista Galega de Educación

Na semana que andamos remata de sair do prelo o número 3 da REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, publicación trimestral de NOVA ESCOLA GALEGA, editado por EDICIONS XERAIS DE GALICIA.

Este terceiro número de 88 páxinas aborda no seu tema monográfico A ESCOLA RURAL EN GALICIA (diversos estudos e ponencias sobre a situación da Escola Rural). No seu caderniño de Recursos inclúe unha serie de materiais para traballar a fotografía na escola. A súa sección de Experiencias inclúe: un traballo sobre educación psicomotriz, o espacial-temporal: Inglés, exames que non o parecen e un artigo sobre as Campañas de animación á lectura organizadas polo Departamento de educación do Concello de Vigo.

Este terceiro número dá un tratamento extenso abondo á problemática suscitada pola sentenza do Tribunal Constitucional sobre o deber de coñecer-lo galego, amais de incluír un interesante artigo sobre a problemática do galego sen merma da súa variante dialectal.

Na sección de historia publícase un traballo inédito do mestre, xa xubilado Armando Fernández Mazas, sobre os ideais pedagóxicos do período republicano. A sección de tradución verque ao galego as Dez teses para unha educación lingüística democrática do grupo italiano GISCEL.

Especial novidade é a experiencia sobre a literatura de medo e terror realizada polo Grupo de literatura infantil.

A revista completase coa súas habituais seccións de Panoraula, lexición, libros, comiteca, outros materiais, ta-cola...

### Circular da ponencia de lingua galega

Diante do confusionismo creado nalgúns centros de ensino a raíz da sentenza do Tribunal Constitucional que declaraba anticonstitucional o deber de coñecer-lo galego que establecía a Lei de Normalización Lingüística, resulta moi clarificadora a recente circular que a ponencia de lingua galega da Inspección de Educación Básica da provincia de Pontevedra acaba de remitir a tódolos directores de centros escolares públicos e privados.

Nesta circular, recórdaselle ós directores os termos da Lei de Normalización Lingüística, do Decreto de 8 de setembro de 1983 da Orde de 23 de setembro de 1983 e a resolución de 4 de xuño de 1986.

É de especial interés que a circular recorda que "consonte o establecido no punto 1.º da Resolución da Dirección Xeral de Política Lingüística do 4/6/86, referente á obrigatoriedade de impartir en lingua galega a asignatura de sociais e recordando así mesmo que a recente sentenza do Tribunal Constitucional non afecta ó Título III da lei de Normalización Lingüística, nin ó posterior desenvolvemento do mesmo nos decretos, orde e resolución concordantes que seguen en plena vixencia". Coidamos que estas consideracións son bastante clarificadoras e rematan cos bulos que corron nalgúns centros sobre a resolución á que a circular facía referencia.

O texto desta resolución de 4 de xullo de 1986 establece que coa finalidade de "cohesión na maior medida materia e lingua vehicular e garantir que a proporción aludida, en canto ó uso do galego, se cumpra e comece por aquelas asignaturas ou áreas que teñan unha maior incidencia no noso entorno e na nosa lingua", no ciclo Medio e Superior de EXB, e desde o comenzo do curso 1986-87, impartiranse en lingua galega, alomenos, a área de sociais. Nos niveis de BUP, COU e FP impartiranse, alomenos, dúas asignaturas do currículo da Lingua Galega.

### Primeiro concurso de vídeos escolares galegos

Convocado polo INSTITUTO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO MEIXUEIRO, VIGO anúnciase o PRIMEIRO CONCURSO DE VIDEOS ESCOLARES GALEGOS, no que poderán participar tódolos centros educativos de EXB, BUP e FP, públicos e privados de Galicia.

Establécense tres seccións: documental, ficción e didáctico-educativo, podendo adoptarse tanto o sistema BETA coma V.H.S.

Os centros interesados en participar deberán envía-la cinta ou cintas antes do 5 de decembro de 1986 ó Instituto de F.P. Meixueiro, apartado de correos 3047, Calvario-Vigo. A organización comprométese a devolverlas e no caso das premiadas deixárase unha copia para o centro organizador. Tódalas cintas pre-

miadas participarán no Festival de Imaxe de Hannover, Alemaña.

O xurado estará formado por alumnos e profesores, dándose a coñecer por medio dos medios de comunicación.

CONGRESO CASTELAO. 24-29 de Novembro de 1986. Santiago de Compostela.

Organizado pola Consellería de Cultura e Benestar Social, a Universidade de Santiago e a Fundación Castelao celébrase en Santiago de Compostela do 24 ó 29 de novembro de 1986 o CONGRESO CASTELAO.

A indiscutible dimensión histórica e popular da figura de **Alfonso Daniel Rodríguez Castela** (1886-1950) non se corresponde co degraú axeitado de coñecemento e análise científico do seu pensamento e da súa obra, nen da incidencia da súa actuación no nacionalismo galego da primeira metade do século XX, e iso máila a importancia e diversidade do seu labor. Por tal motivo a Consellería de Cultura, a Universidade de Santiago e a Fundación Castelao convocan o presente congreso para que nel se expoñan, discutan e difundan os diferentes estudos até agora feitos verbo de Castela, encadrándoos no seu tempo histórico, e máis se propicien novos vieiros de investigación. As entidades convocantes coidan que esta é unha das mellores contribucións que poden facer á conmemoración do primeiro centenario do nacemento de tan outo fillo da galegüidade.

Este Congreso que terá lugar na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, estruturarase en catro seccións temáticas, que se desenvolverán mediante ponencia e comunicacións, ás que se seguirá un debate. No acto de apertura pronunciará a lección inaugural D. Ricardo Carballo Calero. As seccións, antes referidas, son:

**I. Biografía e actuación política.** Ponente: D. José Antonio Durán.

**II. Ideoloxía e Pensamento.** Ponente: D. Justo González Beramendi.

**III. Obra artística e etnográfica.** Ponente: D.ª María Victoria Carballo.

**IV. Obra literaria.** Ponente: D. Anxo Tarrío Varela.

As personas que desexen participar no Congreso cumprimentarán a súa inscrición antes do 1.º de Novembro na Secretaría do Congreso (Fundación Castela, R/ Santiago de Chile, n.º 13-2.º F.15706 Santiago de Compostela. Telf. (981) 596715. Os dereitos de inscrición son de 2.000 pesetas, agás para estudantes e profesores de calquer nivel da Comunidade Autónoma de Galicia para os que son de 1.000 Pts.

### Becas y ayudas del Comité Hispano-Norteamericano

El cuarto programa anual del Comité Conjunto Hispano-Norteamericano para la Cooperación Cultural y Educativa del Convenio de Amistad, Defensa y Cooperación entre España y EE.UU. contempla las siguientes becas y ayudas, cuyas solicitudes finalizan en las fechas que se inician:

- Ayudas institucionales (3 de diciembre).

- Ayudas de investigación y cooperación (5 de enero de 1987).

- Ayudas de cooperación institucional (primera selección: 28 de noviembre).

- Bolsas de viaje (primera selección: 4 de noviembre).

- Becas de ampliación de estudios en los EE.UU. para licenciados españoles (3 de noviembre).

- Becas posdoctorales de investigación en EE.UU. para españoles (3 de noviembre).

- Becas de actualización de conocimientos en los EE.UU. para profesores e investigadores cualificados españoles (3 de diciembre).

- Becas posdoctorales de corta duración en los EE.UU. para españoles (primera selección: 31 de marzo de 1987).

Se puede recabar más información escribiendo al Comité Conjunto Hispano-Norteamericano para la Cooperación Cultural y Educativa, Paseo del Prado, 28-5.º 28014 Madrid. Teléfono (91) 467 51 25 (de 9 a 14 horas).

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

